



**Concello de
A Coruña**

Concellaría de Igualdade
e Participación Cidadá

PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DUNHA ASISTENCIA TÉCNICA PARA INICIAR A ELABORACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DA CORUÑA (2008-2011)

OBXECTO DA ASISTENCIA TÉCNICA

Traballos necesarios para a elaboración do Plan de Igualdade (2008-2011) do concello da Coruña.

ACCIONS A DESENVOLVER POLA ASISTENCIA TÉCNICA

1. Reconto e actualización dos indicadores socio-económicos do municipio.
2. Recursos municipais e/ou doutras administracións públicas ou privadas que incidan nas políticas de igualdade.
3. Proposta de liñas estratéxicas e procedimentais, tendo en conta as liñas extratéxicas doutros planos ou proxectos de rango superior: galego, estatal, europeo.

METODOLOXÍA DE ACTUACIÓN E ORZAMENTO

O adxudicatario deberá presentar a proposta de diagnose, liñas estratéxicas e metodolóxicas a seguir nun prazo de dous meses a contar desde a comunicación da resolución da contratación da asistencia técnica.

O orzamento previsto para a realización deste traballo é de 6.000,00 euros.

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN



**Concello de
A Coruña**

Concellaría de Igualdade
e Participación Cidadá

Para a escolla da empresa adxudicataria do proxecto, a administración terá en conta aspectos como a memoria, os recursos humanos propostos, a metodoloxía, e a mellor oferta económica.

SOLICITUDES

As solicitudes para a adxudicación do proxecto deberán entregarse ata o día 24 de outubro no Centro Municipal da Muller ubicado na Rúa Hortensias, s/n.15008, na Concellaría de Igualdade e Participación, planta baixa do Palacio Municipal, ou no Rexistro Municipal.

Para calquera dúbida, poden consultar nos seguintes teléfonos:

981184356

981184309

A Coruña, 15 de outubro de 2007